



Prestación Económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos para o ano 2020.

A **Consellería de Política Social** establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2020 (código procedemento BS410A)* segundo a Orde do 18 de decembro de 2019 (DOG núm.: 12 do 20/01/2020)

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos nados entre o 01/01/2017 e o 31/12/2017 ambos os dous incluídos, e **que, durante o ano 2018, nin elas nin ningunha das persoas da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.** Poderán acollerse a esta axuda no caso de fillas ou fillos adoptado/acollidos entre o 01/01/2017 e o 31/12/2017; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta orde e, tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF e modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Contía: cando sexa a **primeira filla/o: 360 €**; cando sexa a **segunda filla/o: 1200 €**; cando sexa a **terceira filla/o e sucesivos: 2.400 €**.

Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.
- Os requisitos para ter dereito a prestación deberán reunirse o último día do prazo de presentación.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Documentación:

- **A Solicitude** (anexo I)
- O **Anexo II**, cuberto e asinado polo outro proxenitor (pai/nai).
- Copia de todas as follas do/s libro/s de familia.
- Número da conta bancaria na que figure como titular o solicitante.
- A documentación que corresponda en cada caso (convenio regulador, etc..)
- O **volante** de empadramento colectivo (**pídese no Concello e, é gratuíto**)

Prazo e lugar de solicitude: o prazo de presentación da solicitude será ata o 10 de marzo do 2020 preferiblemente por medios electrónicos no formulario normalizado da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou en soporte papel.

Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.: **981-73 70 04.**

Camariñas, 21 de xaneiro de 2020

Servizos Sociais e Igualdade